

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. De conformidade co Estatuto de Autonomía de Galicia, o Presidente da Xunta de Galicia é nomeado por:

- A) A Xunta de Galicia.
- B) O Rei.
- C) O presidente do Gobierno de España.
- D) O Presidente do Parlamento de Galicia.

2. Qué órgano científico técnico especializado da Administración Xeral do Estado tén como misión a análise e estudo das condicións de seguridade e saúde no traballo, así como a promoción e apoio á mellora das mesmas?:

- A) Comité Central de Seguridade e Saúde Laboral.
- B) Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.
- C) Organización Nacional de Prevención de riscos laborais.
- D) Comisión Nacional de Seguridade e Saúde Laboral.

3. A Lei Xeral de Sanidade di que son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria todos os españois e os cidadáns estranxeiros que:

- A) Teñan establecida a súa residencia no territorio nacional.
- B) Teñan tarxeta sanitaria.
- C) Teñan tarxeta sanitaria europea.
- D) Estean dados de alta na Seguridade Social.

4. O persoal estatutario dos servizos de saúde clasifícase atendendo (marcar a resposta INCORRECTA):

- A) Ao tipo de nomeamento.
- B) Á función desenvolvida.
- C) Á especialidade sanitaria.
- D) Ao nivel do título esixido para o ingreso.

5. A Lei de Saúde de Galicia configura o sistema público de saúde de Galicia en:

- A) 14 áreas sanitarias.
- B) 12 áreas sanitarias.
- C) 7 áreas sanitarias.
- D) 10 áreas sanitarias.

6. De conformidade coa Lei 8/2008, do 10 de xullo de saúde de Galicia, as divisións territoriais das áreas sanitarias que constitúen o marco de referencia para a coordinación dos dispositivos de atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria son:

- A) As zonas básicas de saúde.
- B) Os distritos sanitarios.
- C) As estruturas sanitarias.
- D) As zonas sanitarias.

7. Segundo o decreto de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde (SERGAS), quen pode elaborar o plan de ordenación de recursos humanos do SERGAS?

- A) A Dirección de Recursos Humanos do SERGAS.
- B) A Xerencia do SERGAS.
- C) O Consello de Dirección do SERGAS.
- D) O Comité Executivo do SERGAS.

8. É unha situación de outorgamento do consentimento por substitución a seguinte:

- A) Cando o doente estea circunstancialmente incapacitado para tomar decisións por criterio do médico responsable da asistencia.
- B) Cando o doente estea incapacitado legalmente.
- C) Cando o doente, menor de idade, non sexa capaz intelectual nin emocionalmente de comprender o alcance da intervención.
- D) Todas as respostas son correctas.

9. O dereito da protección da saúde segundo a CE enmárcase dentro de:

- A) Os principios reitores da política social e económica.
- B) Garantías das liberdades.
- C) Dereitos fundamentais.
- D) Dereitos e deberes dos cidadáns.

10. O Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde di que o complemento de destino está destinado a retribuír:

- A) O nivel do posto que se desempeña.
- B) O especial rendemento, interese ou iniciativa do titular do posto.
- C) O grao alcanzado.
- D) A especial dedicación, responsabilidade e incompatibilidade.

Preguntas de reserva

1. De acordo co Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, é un requisito para poder participar nos procesos de selección de persoal estatutario fixo, non ser separado do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera Servizo de Saúde ou Administración pública:

- A) Nos tres anos anteriores á convocatoria.
- B) Nos catro anos anteriores á convocatoria.
- C) Nos cinco anos anteriores á convocatoria.
- D) Nos seis anos anteriores á convocatoria.

2. Cal dos seguintes principios NON se recolle na Lei Xeral de Sanidade?

- A) Rendemento económico.
- B) Eficacia.
- C) Celeridade.
- D) Flexibilidade.